Facultade de Comercio
Universidade Vigo

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DOS CENTROS (GRAOS E MESTRADOS)

PROCEDEMENTO

Deseño, Verificación, Modificación e Acreditación das titulacións oficiais

CÓDIGO DO-0101 ÍNDICE 06

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura 02/10/2023	Data e sinatura 26/03/2026	Data e sinatura 19/06/2026

Proceso

Xestión dos programas formativos.

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	15/05/2008	Área de Calidade	Creación do procedemento (documentación marco).
01-03	2008-2011	Comisións de calidade dos centros	Intervalo de modificacións realizadas polos centros baseándose fundamentalmente nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación dos sistemas de calidade, remitidos desde a ACSUG.
04	24/04/2013	Raquel Gandón e José Miguel Dorribo (Área de Apoio á Docencia e Calidade)	Evolución do procedemento inicial PE03 «Deseño da oferta formativa do centro». Creación do procedemento coa denominación; deseño, autorización e verificación dos títulos oficiais. Nova codificación, trama de redacción e estrutura. Novos contidos.
05	18/03/2016	Área de Apoio á Docencia e Calidade	Evolución do procedemento. Incorporación de referencias á modificación e acreditación das titulacións oficiais.
06	02/10/2023	Área de Calidade	Actualización do procedemento para a súa adaptación á nova normativa (RD 822/2021, RDD 640/2021 e a LOSU).

Índice

I Obxecto 4

II Alcance 4

III Referencias 4

IV Desenvolvemento 8

V Anexos 17

I OBXECTO

Recoller o sistema para levar a cabo correctamente o deseño e a posterior modificación das titulacións e garantir a súa verificación e posterior acreditación.

II ALCANCE

Este procedemento é de aplicación ás titulacións oficiais de grao e mestrado adscritas ao centro nos seguintes casos:

- Deseño de novos títulos.
- Modificación de memorias.
- Renovación da Acreditación.

Exclúense os títulos interuniversitarios que se rexen polo establecido no convenio asinado. De non existir regulación específica no convenio rexeranse polo presente procedemento.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación e a normativa xeral que afecta ao SGC dos centros está descrita no *Manual de calidade*. A lexislación que non está no Manual é a seguinte:

Lexislación

- Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.
- Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios e acreditación institucional de centros universitarios.

- Real Decreto 1044/2003, do 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para expedir ás universidades o suplemento europeo ao título.
- RD 1002/2010, do 5 de agosto, sobre a expedición de títulos oficiais.
- RD 22/2015, do 23 de xaneiro, polo que se establecen os requisitos de expedición do suplemento europeo aos títulos regulados no RD 1393/2007, do 29 de outubro, e se modifica o RD 1027/2011, do 15 de xuño, polo que se establece o MECES.
- RD 1509/2008, do 12 de setembro, de rexistro de universidades, centros e títulos.
- Orde, do 24 de marzo do 2011, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia.
- Orde, do 20 de marzo de 2012, pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, e as súas instrucións de desenvolvemento.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

III.2. Definicións

– Autorización: refírese aos actos administrativos, calquera que sexa a súa denominación específica, polos que en uso dunha potestade de intervención legalmente atribuída á Administración se lles permite aos/ás particulares no exercicio dunha actividade, tras comprobar a súa adecuación ao ordenamento xurídico e á valoración do interese público afectado.

(Real decreto 1778/1994, do 5 de agosto, sobre adecuación á Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común [LRXPAC], das normas reguladoras dos procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións).

– Memoria de verificación: memoria para solicitar a verificación de títulos oficiais.

– Memoria de titulación: documentación legalmente esixida para implantar plans de estudo conducentes á obtención de títulos oficiais que inclúe:

- Memoria xustificativa, fidedigna e detallada do cumprimento dos requisitos xerais e específicos, recollidos nos artigos 4 e 5 do decreto 222/2011.
- Memoria económica, que incluirá os datos relativos á infraestrutura material, aos recursos de persoal docente e investigador e de persoal de administración e servizos, así como ás diferentes fontes de financiamento, consonte o establecido no artigo 7 do Decreto 222/2011.
- Memoria para solicitar a verificación de títulos oficiais.

– Verificación: procedemento legalmente establecido para avaliar os plans de estudo antes da súa implantación nas universidades.

– Profesións reguladas: son sobre as que unha norma regula a súa competencia profesional; é dicir, ex lege existe un conxunto de atribucións que só pode desenvolver en exclusiva un/unha profesional que veña avalado ben por un título académico, ben pola superación duns requisitos e unha proba de aptitude que implique a concesión ou a autorización administrativa do acceso a unha profesión (A organización das ensinanzas universitarias en España. Ministerio de Educación e Ciencia, 11 de abril de 2007).

– Modificación de memoria: refírese á actualización levada a cabo no marco dunha titulación oficial xa verificada, aprobada e xestionada de acordo cos procedementos internos da universidade, e da normativa estatal e autonómica vixente, co fin da súa mellora continua e a súa actualización do plan de estudios ao entorno socio económico. Considéranse modificacións aqueles cambios que non afecten significativamente á estrutura, natureza e/ou obxectivos do título verificado. Segundo o Real Decreto 822/2021, os cambios poden clasificarse en Modificacións substanciais e non substanciais.

– Acreditación: proceso obrigatorio, legalmente establecido, que ten como finalidade renovar a acreditación dos títulos e consiste nun proceso de avaliación cíclica para supervisar a execución efectiva das ensinanzas e comprobar que os seus resultados son axeitados e contribúen á formación do estudantado.

– Acreditación Institucional: é un mecanismo para garantir a calidade académica global dun centro universitario. Instruméntase mediante o sistema interno de garantía da calidade, que debe

asegura una formación cun nivel de competencia e a adecuación aos criterios estandarizados de calidade do servicio docente prestado e debe responder ás esixencias do estudantado e da sociedade. A acreditación institucional comportará a renovación da acreditación do conxunto de títulos universitarios oficiais que se impartan neste centro. Os requisitos que deberán cumprir os centros universitarios para a súa obtención son:

- A renovación da acreditación inicial de polo menos a metade dos títulos oficiais de grao, a metade dos títulos oficiais de máster e a metade dos títulos oficiais de doutoramento.
- Dispoñer da certificación da implantación do seu sistema interno de garantía de calidade.

III.3. Abreviaturas e siglas

- ANECA : Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.
- ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- BOE: Boletín Oficial do Estado.
- CAD: Comisión de Avaliación Docente.
- COAP: Comisión de Organización Académica do Profesorado.
- DOG: Diario Oficial de Galiza.
- EAD: Enquisa de avaliación docente do profesorado.
- EEES: Espazo europeo de educación superior.
- ENQA: *European Association for Quality Assurance in Higher Education* (Rede Europea para a Garantía da Calidade na Educación Superior).
- PDI: Persoal Docente e Investigador.
- PTXAS: Persoal Técnico de Xestión de Administración e Servizos.
- QSP: Queixas, Suxestións e Parabéns.
- SGIC: Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- UAP: Unidade de Análises e Programas.
- UVIGO: Universidade de Vigo.

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

Garantir a elaboración, a posta en marcha e a actualización, mediante a modificación, dos plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais baixo os paradigmas de calidade e excelencia, de acordo coas liñas xerais emanadas do espazo europeo de educación superior (EEES) e da normativa vixente.

IV.2. Responsable do proceso

• Decanato ou dirección do Centro.

IV.3. Indicadores

Para a medición dos resultados asociados a este procedemento terase en conta o panel de indicadores centralizado segundo o establecido no procedemento *"DE-02 Seguimento e Medición"*.

A descrición e o modo de cálculo destes indicadores están definidos no catálogo de indicadores, dispoñible no portal de transparencia da Universidade de Vigo.

IV.4. Diagrama de fluxo



A) DESEÑO: ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS (continuación)



B) TRAMITACIÓN DO INFORME PREVIO DE ENVÍO A SÚA VERIFICACION



C) VERIFICACIÓN DO TÍTULO



180
O envío do informe, tamén denominado Informe preceptivo sobre a necesidade e a viabilidade académica e social de implantar o título (INVAS) e a memoria realizarase a través da Secretaría Xeral de Universidades, que é a encargada da súa tramitación.
No caso dos centros acreditados institucionalmente a memoria do plan de estudos remitirase simultaneamente á Secretaría Xeral de Universidades e á ACSUG, con fin de axilizar o procedemento.

190
A Secretaría comunicará á Uvigo, no caso que detecte insuficiencias na documentación.

200
A Universidade dispón de 10 días hábiles para resolver as insuficiencias.

210
A Secretaría Xeral de Universidades terá como máximo de 3 días hábiles para o envío da memoria do plan de estudos.

220
A ACSUG basearase nos protocolos específicos establecidos de xeito común para todo o sistema universitario.
Este informe é preceptivo e será realizado por comisiones de expertos académicos e profesionais independentes e de prestixio, elixidos pola ACSUG.
O informe será motivado e poderá ser favorable, favorable con condicións ou desfavorable.
No caso de haber condicións, indicarase aquelas cuestións que deben modificarse para acadar un informe favorable

225
O prazo de alegación son 15 días hábiles dende a súa recepción

240
O Informe poderá ser favorable ou desfavorable e remitirase á Uvigo, ao Consello de Universidades, ao órgano autonómico competente e ao Ministerio de Universidades.
No caso que o informe resulte favorable, este poderá incorporar algún aspecto salientable que as administracións, axencias e a Universidade seguirán en avaliacións posteriores

250
A Comisión de Verificación e Acreditación de Plans de Estudos do Consello de Universidades acreditará que a denominación do título é coherente co plan de estudos e se adecúa ao establecido pola normativa vixente e ditará a resolución de Verificación, que poderá ser positiva ou negativa.
O Consello de Universidades notificará a Resolución nun prazo máximo de 3 días hábiles á universidade, á comunidade autónoma, ACSUG, e ao Ministerio de Universidades.

255
A Universidade poderá reclamar a Resolución ante a Presidencia do Consello de Universidades, nun prazo de 10 días hábiles desde a recepción da notificación.

260
Se se admite a trámite a reclamación, se valorará pola Comisión de Reclamacións de Verificación e Acreditación de Plans de Estudos do Consello de Universidades, que elaborará unha proposta de resolución á Comisión Permanente do Consello de Universidades nun prazo máximo dun mes desde a presentación da reclamación.
A comisión, poderá remitir o expediente á ACSUG para a súa revisión. Neste suposto, a duración da revisión non excederá dos 3 meses desde a recepción da reclamación
O Consello de Universidades notificará a resolución definitiva á universidade solicitante, á CCAA, á ACSUG e ao Ministerio de Universidades.

D) AUTORIZACIÓN DA IMPLANTACIÓN E ESTABLECEMENTO DO CARÁCTER OFICIAL



E) MODIFICACIÓN DE TITULACIÓNS



E) MODIFICACIÓN DE TITULACIÓNS (continuación)

Entrada	Responsable da titulación/ CAM	Comisión de Calidade do Centro	Órganos de Goberno da Uvigo	Saída	Comentarios



100
O centro universitario proporá, a través da Uvigo, as modificacións substanciais dos plans de estudos que se solicitarán ao Consello de Universidades para a súa aprobación.

105-110
O procedemento no caso que o centro non estea acreditado institucionalmente, será análogo ao seguido na verificación dos títulos oficiais, que se detalla no diagrama C) Verificación do Título, da páxina 13 deste procedemento.

A ACSUG no momento de realizar o seu informe deberá ter en consideración , primordialmente o informe elaborado polo SIGC.

As modificacións substanciais terán efecto segundo o calendario de implantación na modificación.

Se a modificacións afectan á denominación do título ou, de forma significativa, á estrutura das ensinanzas, procederase a publicar de novo o plan de estudos.

F) RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN DO TÍTULO



V ANEXOS

Documentos

ANEXO 1: Modelo do Informe do SIGC sobre as modificacións non substanciais.

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Duración
Código	**Denominación**				
R1 DO-0101	Acta da Comisión de Calidade sobre a Verificación da titulación	Electrónico	Aplicación do SGC	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos
R2 DO-0101	Informe do SIGC sobre as modificacións non substanciais (Formulario institucional)	Electrónico	Aplicación do SGC	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos
R3 DO-0101	Acta da Comisión de Calidade sobre a Modificación da titulación	Electrónico	Aplicación do SGC	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos
R4 DO-0101	Acta da Comisión de Calidade sobre a Acreditación da titulación	Electrónico	Aplicación do SGC	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos